

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL CANGAS

Ordenanzas e Regulamentos

REGULAMENTO MUNICIPAL PARA O USO NON SEXISTA DA LINGUAXE

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de 11.09.2015 de aprobación inicial do Regulamento municipal para o uso non sexista da linguaxe, publicado non BOP núm. 190 de data 01.10.2015, cuxo texto íntegro se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

“REGULAMENTO MUNICIPAL PARA O USO NON SEXISTA DA LINGUAXE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A linguaxe é un instrumento mediante o cal expresamos as nosas percepcións e os sentimentos e pensamentos sobre o que nos rodea. Coa linguaxe reflíctense e transmítense os valores aprendidos e, por tanto, a cultura dunha sociedade. Tradicionalmente, véñense empregando palabras masculinas en singular e en plural, como home, funcionarios, traballadores, veciños... para facer referencia a colectivos nos que están presentes tanto as mulleres como os homes. A linguaxe inclusiva busca tratar de forma simétrica mulleres e homes a nivel lingüístico pero, sobre todo, gañar precisión e exactitude a nivel cognitivo sen facer invisible nin estereotipar ningún dos sexos. Deste xeito, a linguaxe inclusiva é vital para cambiar o repertorio de significados que transmite a linguaxe e para permitir unha representación máis igualitaria da realidade que contribúa a construír formas de pensamento tamén máis igualitarias. Modificar as formas de expresión axudaranos a modificar a percepción da realidade de mulleres e homes dunha forma máis xusta e integradora.

Enténdese por uso non sexista da linguaxe a utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que fan invisible o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino.

A nivel legislativo, cabe mencionar os seguintes artigos onde se recolle especificamente o uso dunha linguaxe non sexista:



- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes no seu capítulo III, erradicación dun uso sexista da linguaxe e no seu artigo 18, erradicación do sexismo na linguaxe institucional e social.
- A Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece no artigo 14, referido ás políticas públicas para a igualdade dos poderes públicos “la implantación de un lenguaje no sexista en el ámbito administrativo y su fomento en la totalidad de las relaciones sociales, culturales y artísticas”. Ademais, no seu artigo 28.4, “de la Sociedad de la Información” recóllese que “en los proyectos del ámbito de las tecnologías de la información y la comunicación sufragados total o parcialmente con dinero público, se garantizará que su lenguaje y contenidos no sean sexistas”.
- A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no artigo 13 do capítulo II establece que “las Administraciones públicas velarán por el cumplimiento estricto de la legislación en lo relativo a la protección y salvaguarda de los derechos fundamentales, con especial atención a la erradicación de conductas favorecedoras de situaciones de desigualdad de las mujeres en todos los medios de comunicación social”.

A tal efecto, acórdase aprobar o presente regulamento:

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O presente regulamento será de aplicación á corporación local e aos seus órganos de goberno, ao seu cadro de persoal e aos seus órganos autónomos.

Para evitar o uso sexista da linguaxe en calquera tipo de comunicación oficial, interna ou externa, oral ou escrita e en toda forma de comunicación coa sociedade, deberán utilizarse os recursos lingüísticos e normas de uso que se recollen neste regulamento que rexerá o ámbito municipal e o uso da linguaxe non sexista e igualitaria entre mulleres e homes mediante:

- A potenciación da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- A utilización en todos os departamentos municipais e nos documentos internos e externos dunha linguaxe inclusiva. A aplicación efectuarase tanto no formato tradicional (papel) como nos formatos dixitais (pdf, interactivos, doc. de Word, etc.) e nas plataformas onde se soportan estes formatos: Internet (web municipal ou portais web de áreas ou concellerías) e intranet municipal.



CAPÍTULO II. CRITERIOS PARA A UTILIZACIÓN DA LINGUAXE NON SEXISTA

Artigo 2. Criterios xerais para un uso non sexista da linguaxe

- Empregar termos xenéricos, indefinidos, colectivos, abstractos e perífrases.
- Utilizar fórmulas de desdoblamento. O uso das barras irá acompañado da denominación completa en masculino e feminino.
- Feminizar termos.
- Empregar construcións non sexistas tales como:
 - Omitir determinantes e pronomes marcados.
 - Eludir o suxeito.
 - Simetría no tratamento.
- Alternativas ao masculino xenérico:
 - Alternar a orde das palabras ao longo de todo o texto. É dicir, en ocasións iníciase co feminino da mesma e na seguinte ocasión que apareza iníciase co masculino.
 - Concordar co substantivo máis próximo, garantindo á súa vez a alternancia indicada no punto anterior.

Artigo 3. Criterios concretos para un uso non sexista da linguaxe

- As ofertas de emprego e acceso á función pública, subvencións, convocatorias de axudas, convocatoria de oposicións e concursos, así como a publicidade que delas se realice, redactaranse nomeando ambos os sexos mediante termos colectivos e/ ou desdobramentos.
- Deberase citar o cargo, posto, profesión ou oficio en feminino ou masculino en función da persoa que nese momento o estea desempeñando.
- Na denominación de oficinas, departamentos, servizos, negociados e toda a estrutura administrativa municipal, aplicarase o termo de forma xenérica e non en masculino
- Cando se descoñeza o sexo do persoal empregaranse os termos colectivos, abstractos ou xenéricos, perífrases, desdobramentos ou uso de barras acompañado da denominación completa en masculino e en feminino.
- En recomendacións e ordes empregaranse estruturas con “se”, formas persoais e non persoais do verbo.
- Nos rótulos empregaranse barras ou xenéricos se non se coñece o sexo. En caso contrario, nomearase especificamente segundo corresponda.



- O uso de barras para desdobramentos deberá limitarse a impresos ou formularios abertos e encabezamentos e irá acompañado da denominación completa en masculino e feminino.

Na publicidade, prensa, web e imaxe corporativa, ademais de utilizar unha linguaxe de forma non sexista deberase acompañar de imaxes libres de estereotipos sexistas. Ditas imaxes evitarán todo tipo de posición ou representación de carácter xerárquico, procurando que estean presentes ambos os sexos ou, no seu defecto, que non se faga invisible ou quede en minoría a presenza das mulleres.

Artigo 4. Asesoramento, consulta e seguimento da utilización dunha linguaxe non sexista

O Concello de Cangas, a través da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade velará pola aplicación deste regulamento de forma transversal en todos os servizos e departamentos municipais.

CAPÍTULO III. USO E FOMENTO DO USO DA LINGUAXE NON SEXISTA

Artigo 5. Uso oral dunha linguaxe non sexista

As persoas que compoñen a corporación local e os seus órganos de goberno, así como o persoal ao servizo do Concello, incluído o dos seus organismos autónomos deberán usar a linguaxe de forma non sexista nas súas relacións de traballo, nas súas relacións con outras administracións e coa cidadanía e procurarán que sexa o estándar oral nas relacións con empresas provedoras ou clientas/clientes, así como con entidades colaboradoras privadas ou alleas á Administración pública.

As manifestacións de pensamento e os actos orais públicos non poderán dar lugar a ningún tipo de discriminación ou invisibilidade por razón de sexo, polo que se procurará a utilización da linguaxe de forma non sexista.

Artigo 6. Uso escrito dunha linguaxe non sexista

Potenciarase a utilización dunha linguaxe non sexista na documentación administrativa interna, externa e a dirixida á cidadanía.

Artigo 7. Postos de traballo e persoal municipal

O Concello propiciará a ensinanza do uso dunha linguaxe non sexista ao seu persoal, favorecendo a aprendizaxe daqueles coñecementos necesarios para aplicalo.



A relación das denominacións dos postos de traballo do persoal municipal denominaranse en xenérico ou axustaranse ao feminino ou masculino segundo a condición de quen os ocupe, efectuándose as correccións oportunas tras a aprobación deste regulamento.

Artigo 8. Medios de comunicación

O Concello de Cangas promoverá o uso dunha linguaxe non sexista nos medios e nas canles de comunicación propios, tales como a web municipal, www.cangas.org, e nos diferentes portais desta, nos anuncios publicitarios, nas revistas, bandos, declaracións institucionais, avisos, etc.

Esta prescrición é igualmente aplicable a todos os organismos autónomos vinculados ao Concello de Cangas. A produción editorial do Concello farase, como norma xeral, tendo en conta a utilización dunha linguaxe e publicidade non sexista. As campañas institucionais contribuirán a fomentar a igualdade entre homes e mulleres e respectarán a diversidade social e cultural presente na sociedade.

O Concello de Cangas garantirá un uso non sexista da linguaxe e o tratamento igualitario nos contidos e imaxes que empregue no desenvolvemento das súas políticas. Promoverá a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de homes e mulleres en todos os medios de información e comunicación, conforme os principios e valores do noso ordenamento xurídico e as normas específicas que lles sexan de aplicación.

Considerarase ilícita, de conformidade co previsto na lexislación vixente nesta materia, a publicidade que atente contra a dignidade da persoa ou vulnere os valores e dereitos constitucionais.

Artigo 9. Sinalización municipal

Todos os rótulos, carteis e indicacións existentes nos inmobles, dependencias e servizos municipais deberán estar escritos nunha linguaxe xenérica e non discriminatoria, incluídos os elementos icónicos ou pictogramas (aseos, ascensores, prohibido o paso...). Esta medida realizarase progresivamente de acordo coas novas peticións. Os rótulos da vía pública destinados a informar á cidadanía e ás persoas que a transitan, cuxa elaboración sexa competencia municipal, serán redactados utilizando o mesmo criterio anterior. Todos os rótulos dos distintos departamentos, xefaturas e servizos denominaranse en xenérico e axustaranse ao feminino ou masculino segundo a condición de quen os ocupe.

Disposición adicional primeira. Recursos para a aplicación do regulamento

Aquelas actuacións previstas neste regulamento que supoñan gastos para o Concello de Cangas realizaranse de acordo coas dispoñibilidades de presuposto ao efecto.



Disposición adicional segunda. Recursos para evitar o uso sexista da linguaxe

Co obxecto de facilitar e impulsar o uso non sexista da linguaxe nos escritos e documentos que xeren as persoas que compoñen a corporación local e os seus órganos de goberno, así como o persoal ao servizo do Concello de Cangas, incluído o dos seus organismos autónomos, facúltase a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade para proporcionar manuais de uso, folletos e outros documentos en formato papel ou dixital que se consideren axeitados para o desenvolvemento práctico do regulamento.

Disposición adicional terceira. Actualización de ordenanzas e regulamentos municipais vixentes

Calquera revisión ou modificación, aínda que sexa de carácter puntual, das ordenanzas e regulamentos esixirá a actualización da súa redacción e a súa linguaxe non sexista.

Disposición final

O presente regulamento unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Cangas, 9 de novembro de 2015.—O Alcalde, Xosé Manuel Pazos Varela.

